

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **9 de decembro de 2021**

Ás 16.30 horas do día 9 de decembro de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial, no salón de Plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Plácido Álvarez Dobaño

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Álvaro José Fernández López

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Margarita Pérez Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D.^a Susana Rodríguez Estévez

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asisten don Jorge Pumar Tesouro do Grupo Popular (substituído por don Álvaro José Fernández López), dona Elvira Lama Fernández do Grupo Socialista (substituída por dona Margarita Pérez Fernández) nin don Aurentino Alonso Araújo do Grupo Socialista (substituído por dona Susana Rodríguez Estévez).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á

ORDINARIA DO DÍA 170 DE NOVEMBRO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de novembro de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial do día 17 de novembro de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Logo da declaración, por unanimidade, da súa urxencia, tratouse o seguinte asunto:

2ºA.- MODIFICACIÓN DAS TARIFAS DO SERVIZO DE ESTACIONAMENTO NO APARCAMENTO EN TERREOS ANEXOS AO HOSPITAL SANTA MARÍA NAI.

Dáse conta da proposta da Presidencia.

Don **Bernardo Varela López, do BNG** pregunta, xa que na documentación remitida non semella moi claro, se é que o custo dos bonos que figuran na proposta por importe de 30 € e unha duración: 50 horas e con carácter bimensual, vai ser asumido integramente pola DPO. Igualmente pregunta por que razón non se aplica unha tarifa similar á especial vixente consistente nun bono 30 horas; 29,00 €, ata esgotar o saldo e caducidade dun mes, xa que semella máis vantaxosa para os usuarios.

D.ª Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, pregunta se a previsión de catro prazas reservadas e rotuladas para os beneficiarios desta medida se estima suficiente para atender a demanda existente e tamén pregunta se as xestións se fixeron soamente coa AECC, cando poderían existir, na súa opinión, outros enfermos crónicos que poderían beneficiarse desta medida.

O presidente da comisión autoriza ao deputado e vicepresidente primeiro Rosendo Fernández, que se atopa presente entre o público, a explicar este asunto xa que levou a negociación directamente.

D. Rosendo Fernández Fernández, do Grupo Popular, explica que se contactou con ALCER pero que teñen unha negociación pechada pola súa conta, polo que non foi necesaria a súa participación. A continuación explica quen se contactou coa AECC, xa que é a de maior implantación en Ourense, e que esta asociación expuxo esta posibilidade aos seus asociados e demais pacientes e estimouse unha demande de 36 usuarios/mes. Engade que outros enfermos crónicos como os da EPOC non teñen asociación propia, se ben non existiría problema en que fosen igualmente beneficiarios. Sinala que na negociación coa empresa concesionaria acordáronse as tarifas que recolle a proposta, que incluso son máis económicas que as que gozan os traballadores do SERGAS, polo que entende que o resultado da negociación foi bo. Remata indicando que conseguirá máis información sobre a tarifa especial de bono 30 horas a 29,00 € sinalada polo grupo do BNG para comprobar cal sería máis beneficiosa, dando as pertinentes explicacións no pleno.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, insiste en que se busquen e se arbitren fórmulas para que outros enfermos crónicos que poidan ser beneficiarios desta medida se acollan a ela e pregunta como se van xestionar as altas e baixas das persoas beneficiarias.

D. Rosendo Fernández Fernández, do Grupo Popular, contesta que non existirá problema para que se acollan outros pacientes crónicos, e que en todo caso a tramitación das altas e baixas será suficiente en función da demanda e farase entre a AECC e a empresa, xa que se trata de datos protexidos e sensibles.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1) a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Modificar o contrato do servizo de estacionamento de vehículos nos terreos anexos ao Hospital Santa María Nai que a Deputación Provincial de Ourense mantén co Grupo de Estacionamientos Orensanos, SA, no relativo ás tarifas do servizo e ao canon concesional, quedando non seguintes termos:

1) Oferta de 36 de prazas do servizo de estacionamento de vehículos nos terreos anexos ao Hospital Santa María Nai para os enfermos crónicos, nos termos relacionados anteriormente.

2) A redución do canon concesional correspondente ao exercicio 2022 a aboar pola empresa concesionaria, que ascende a 13.415,50 euros.

2º.- Este acordo entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2022 e terá unha duración dun (1) ano.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, do BNG, reitera o preguntado na última sesión plenaria respecto ao acceso ao expediente de contratación de MEISA, insistindo na súa petición e rógalle ao grupo de goberno para que reflexione sobre o acontecido na última sesión plenaria, onde tres mocións ou iniciativas políticas dos grupos da oposición, acabaron sendo aprobadas mediante emendas de substitución do grupo de goberno, desvirtuando totalmente o recollido nas mocións orixinais. Insta a que, se é necesario, se tramite unha modificación do regulamento orgánico para limitar este tipo de emendas, que en todo caso deberan ser unicamente de adición ou supresión e sempre transaccionadas entre os diferentes grupos, xa que entende que esta postura do grupo de goberno deturpa a calidade democrática do pleno.

O presidente da comisión contesta que se toma nota das súas peticións, e entende que no caso do acceso ao expediente de MEISA se lle dará unha resposta nuns días e cun informe xurídico sobre o asunto.

Antes de rematar a sesión **o presidente** informa que na sesión plenaria do día 17 de decembro darase conta ao pleno da renuncia ao cargo de concelleiro, e consecuentemente de deputado provincial, de José Miguel Caride Domínguez, para iniciar os trámites necesarios para a súa substitución consonte ás normas previstas na LOREG.

E, ás 17.00 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.